

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE MAIO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Hixiene Bucodental.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Mediación Comunicativa.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Radioterapia e Dosimetría.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda, a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias ao abeiro do procedemento de regulación catastral.
- Acordo polo que se aproba a relación de postos de traballo do persoal funcionario dos centros educativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Monterrei, para a execución das obras de mellora da praza e a rúa Requeixo en Vilaza, por un importe de cento noventa e nove mil catrocentos noventa e seis euros con setenta e catro céntimos (199.496,74€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello do Bolo, para a execución das obras de pavimentación da rúa Centro no núcleo do Bolo, por un importe de douscentos catro mil setecentos trinta e tres euros con trinta céntimos (204.733,30€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición do compromiso de gasto de carácter plurianual para o financiamento da Orde pola que se convocan seis bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de douscentos oitenta e tres mil catrocentos sesenta e nove euros con setenta e seis céntimos (283.469,76€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Colexio de Arquitectos de Galicia para a realización de diferentes actuacións documentais e a mellora de eficiencia técnica, nos centros educativos das catro provincias galegas, dependentes da Xunta de Galicia, por un importe total de cento catro mil cincocentos euros con trinta e oito céntimos (104.500,38€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre a contratación pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do servizo para o tratamento de residuos históricos de pneumáticos fóra de uso existente na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre a convocatoria de axudas para mellorar as infravivendas rurais nos Camiños de Santiago.
- Informe sobre a ampliación do Bono de alugueiro social.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe das convocatorias das axudas e subvencións para o financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais, para a inclusión laboral das persoas desempregadas e a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia.
- Informe sobre acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria para a coordinación das ofertas de formación profesional e adecualas ás novas necesidades do tecido empresarial de Galicia, especialmente en aspectos vinculados coa nova Industria 4.0.
- Informe sobre o calendario laboral galego 2017.
- Informe sobre a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, a Fundación Santa María la Real e a Fundación Telefónica para a implantación do proxecto Lanzadeiras de emprego e emprendemento solidario.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o programa Erasmus+: Xuventude en acción. Análise dos resultados do período 2014-2015 e primeira quenda do 2016.
- Informe sobre a evolución do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia en Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da Orde da Consellería do Medio Rural pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI) e para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas,

procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2016.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACION DE ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, a modificación dos estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, con cambios que afectan fundamentalmente os visados, a regulación do exercicio da actividade profesional en réxime de libre competencia e establece a colexiación única para todo o territorio nacional.

O obxecto deste decreto é a aprobación da modificación dos estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, con motivo da súa adaptación á regulación contida na directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de maio de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que foron incorporadas á normativa reguladora dos colexios profesionais a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Entre as modificacións máis salientables están a protección dos intereses dos consumidores e dos usuarios; a regulación do exercicio da actividade profesional en réxime de libre competencia e de conformidade coa normativa de defensa da competencia, a utilización dos mecanismos de comunicación e sistemas de cooperación administrativa previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a prohibición de establecer baremos orientativos sobre honorarios profesionais, entre outras

Ademais, inclúese o visado nos termos previstos na normativa vixente; regulase o contido do portelo único, o servizo de atención a colexiados e a consumidores e usuarios e a memoria anual do colexio; prevese a colexiación das sociedades profesionais, de conformidade coa Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, e establécese a colexiación única para todo o territorio nacional

O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia foi creado polo Decreto 250/1997, do 25 de agosto, por segregación do Colexio Nacional de Enxeñeiros Técnicos Forestais. Os anteriores estatutos do Colexio foron aprobados polo Decreto 30/2010, do 4 de marzo.

A colexiación pasa a ser obrigatoria, de conformidade coa previsión contida no Decreto 927/1965, do 8 de abril, polo que se crea o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais, e coa disposición transitoria cuarta da Lei 25/2009 (Lei ómnibus estatal). Actualmente hai 653 colexiados na nosa comunidade.

CULTURA E EDUCACIÓN ACTUALIZA OS CURRÍCULOS DOS CICLOS SUPERIORES EN ANATOMÍA PATOLÓXICA, HIXIENE BUCODENTAL, MEDIACIÓN COMUNICATIVA E EN RADIOTERAPIA

- *Cos hoxe aprobados avánzase na modernización dos títulos das familias profesionais de Sanidade e Servizos Socioculturais e á Comunidade*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde aos novos currículos dos ciclos formativos de grao superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico, en Hixiene Bucodental, en Radioterapia e Dosimetría e en Mediación Comunicativa, cos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria avanza na actualización das titulacións das familias profesionais de Sanidade e Servizos Socioculturais e á Comunidade. Deste xeito, o departamento educativo da Xunta de Galicia acada os 105 currículos adaptados ás necesidades da economía galega e ao Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

Todos os currículos actualizados inclúen a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, e a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo no relativo a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia, de acordo co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional. Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios, segundo a lexislación vixente, para o exercicio profesional, cando proceda.

Familia sanitaria

As persoas que obteñen o título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico exercerán a súa actividade no sector sanitario, en atención tanto primaria como especializada, así como en centros de investigación. As ocupacións e os postos de traballo que poderán desempeñar serán os de técnico superior ou especialista en anatomía patolóxica e citoloxía, citotécnico, axudante de forense, prosector de autopsias clínicas e médico-legais, tanatopractor, colaborador e asistente en bioloxía molecular ou de investigación.

No caso das persoas tituladas en Hixiene Bucodental exercerán a súa actividade profesional no sector sanitario, na área de atención sanitaria e promoción da saúde, formando parte de equipos estruturados de saúde bucodental, de equipos de atención primaria, nas unidades de promoción da saúde, e en consultas ou gabinetes dentais privados. Neles poderán desenvolver o seu labor en postos como o de técnico superior

en hixiene bucodental, técnico especialista hixienista dental, educador en saúde bucodental ou hixienista bucodental

Tamén na familia profesional de Sanidade, as persoas que obteñan o título superior en Radioterapia e Dosimetría desenvolverán o seu labor en unidades de oncoloxía radioterápica, en unidades ou servizos de radiofísica hospitalaria, en unidades técnicas de protección radiolóxica e en centros de investigación. Entre as ocupacións máis salientables que poderán desenvolver serán as de técnico superior ou especialista en radioterapia, persoal auxiliar dos servizos de protección radiolóxica ou delegado comercial de equipamentos de radioelectroloxía médica.

Servizos Socioculturais e á Comunidade

No caso do avance na familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade, neste Consello aprobouse o novo currículo do título de técnico superior en Mediación Comunicativa, que ten o seu ámbito de acción principal no sector dos servizos ás persoas xordas, xordocegas, con discapacidade auditiva e con dificultades de comunicación que sexan usuarias da lingua de signos, tanto no referido ao asistencial como ao educativo, sociolaboral, psicosocial e apoio ás xestións básicas. Entre as ocupacións e os postos de traballo que poderán desenvolver os que obteñan esta titulación están as de axente de desenvolvemento ou dinamización da comunidade xorda ou xordocega, mediador social ou asistente destas persoas e a de técnico en promoción, atención e formación a persoas xordas.

A XUNTA ASESORARÁ OS CONCELLOS SOBRE AS SÚAS COMPETENCIAS EN RELACIÓN Á ACTUALIZACIÓN CATASTRAL DAS CONSTRUCIÓNS RURAIS

- *A Administración do Estado está a realizar esta actualización ao abeiro do procedemento de regularización do Catastro*
- *A normativa estatal establece que as construcións rústicas vinculadas a explotacións agrarias, gandeiras ou forestais deixan de ter valor catastral cero*
- *Con este asesoramento, os concellos terán máis información para exercer as súas competencias tributarias*
- *A Xunta tamén informará os concellos sobre o propio procedemento de regularización catastral, que incorpora ao Catastro os bens inmobles con construción e as alteracións das súas características*
- *O obxectivo da Xunta é que os veciños poidan valorar e comprender este procedemento, e se é o caso, efectuar as alegacións que precisen*
- *Facenda subscribirá un convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias para fixar un sistema de colaboración entre ambas as institucións*

A Xunta de Galicia vai asesorar os concellos sobre as súas competencias en relación aos cambios de valoración catastral que está a realizar o Ministerio de Facenda nas construcións rurais, ao abeiro do procedemento de regularización catastral. Este cambio afecta as construcións vinculadas a explotacións agrarias, gandeiras ou forestais que tiñan valor catastral cero, e que agora pasan a ter un valor catastral que obriga os seus propietarios a aboar o Imposto de bens inmobles (IBI).

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Facenda a sinatura dun convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para regular un sistema de colaboración entre ambas as institucións. Facenda –a través da Axencia Tributaria de Galicia- prestará asesoramento en materia tributaria aos concellos que voluntariamente o soliciten.

En concreto, a Xunta dotará os concellos de máis información sobre as competencias normativas que poden utilizar neste eido, xa que os concellos teñen a competencia sobre o IBI. Os municipios afectados son aqueles cuxos cadros de valores sexan anteriores ao 1 de xaneiro de 2006.

O asesoramento desenvolverase no relativo ao exercicio polas corporacións locais das competencias que legalmente teñen recoñecidas no imposto sobre bens inmobles e os seus efectos, así como na análise do cumprimento das regras fiscais e que fai referencia á lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa de aplicación.

Ademais, a Xunta colaborará tamén cos concellos para axudar e informar a cidadanía galega sobre o proceso de regularización catastral que está a efectuar a Administración do Estado, co obxectivo de que os contribuíntes poidan valorar e comprender este procedemento e efectuar, se é o caso, as alegacións correspondentes.

A Administración do Estado está a realizar un procedemento de regularización para incorporar ao Catastro os bens inmobles rústicos e urbanos con construción, e tamén as alteracións das súas características. Este procedemento ten un marcado carácter técnico que aconsella a prestación deste asesoramento.

É por isto que o obxectivo da Xunta é que os veciños poidan valorar e comprender este procedemento de regularización e, se é o caso, efectuar as alegacións que precisen. Para iso, a ATRIGA prestará asesoramento en materia tributaria aos concellos, e comprométese tamén a comprobar o mantemento da estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira dos concellos.

Proximidade ao cidadán

Os concellos que se adhiran a este convenio prestarán aos seus veciños a axuda e información precisa, por ser as administracións máis próximas ao cidadán. Isto servirá para que os veciños teñan un mellor entendemento da finalidade, a tramitación e as repercusións do procedemento de regularización catastral que se fai no seu concello.

No marco deste convenio a Axencia Tributaria de Galicia contratará ata cinco funcionarios, en función do número de concellos que se adhiran ao convenio. Este acordo de colaboración terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017, aínda que poderá ser prorrogado se chegada esa data non rematou o proceso de regularización catastral.

A Xunta impulsa este convenio a pesar de que carece de competencias neste eido, posto que o Catastro inmobiliario é competencia exclusiva da Administración do Estado, e as corporacións locais teñen recoñecidas as competencias no Imposto sobre bens inmobles.

A XUNTA MODIFICA A RPT DO PERSOAL DE EDUCACIÓN PARA DOTAR DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO OS CENTROS DE INFANTIL E PRIMARIA

- *O Consello aprobou a creación de 99 novos postos para que todos os CEIP con 400 alumnos ou máis, e os de máis de 350 alumnos con servizo de transporte e comedor dispoñan deste reforzo de persoal complementario*
- *Logo da modificación da relación de postos de traballo, os novos auxiliares xa se incorporarán aos centros ao longo deste mes de maio*
- *Con esta decisión, o Goberno galego atende unha vella demanda do conxunto da comunidade educativa*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do persoal funcionario dos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co fin de dotar dun auxiliar administrativo os colexios de infantil e primaria neste mesmo curso.

Esta medida permite incorporar postos de auxiliar administrativo naqueles CEIP que contan cunha matrícula igual ou superior a 400 alumnos; ou ben para aqueles de máis de 350 alumnos e que dispoñen de servizos complementarios de transporte e/ou comedor.

A modificación da RPT supón a creación de 99 postos administrativos en infantil e primaria, 66 deles de nova creación e outros 33 derivados de modificacións administrativas. Esta aprobación da RPT de novos postos permitirá que xa ao longo deste mesmo mes se vaian incorporando os auxiliares administrativos aos seus postos nos centros de infantil e primaria.

Así, froito dunha revisión e reordenación do persoal destas características, nos centros de secundaria (IES) que contaban con dúas ou máis persoas para realizar estas tarefas -porque así o exixiu no seu momento o número de matriculacións pero que debido á baixa destas xa non son necesarias-, acordouse retirar unha para prestar servizo nun CEIP desa mesma localidade.

Con esta decisión, o Goberno galego atende unha vella demanda do conxunto da comunidade educativa e, sobre todo, dos equipos directivos dos centros e das organizacións sindicais.

A Consellería de Educación reforza a área administrativa nos centros que, habitualmente, contan cunha considerable carga de traballo, que a partir de agora se verá minorada.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 400.000 EUROS Á HUMANIZACIÓN E MELLORA DE DISTINTOS ESPAZOS DOS CONCELLOS DE MONTERREI E O BOLO

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a dous convenios de colaboración para acometer estes traballos*
- *En Monterrei, investiranse preto de 200.000 euros en mellorar a praza e a rúa de Requeixo en Vilaza*
- *No caso do Bolo, o obxectivo principal será pavimentar a rúa Centro grazas a un orzamento lixeiramente superior aos 200.000 euros*
- *Ambas as actuacións inscríbense no Plan Hurbe, posto en marcha pola Xunta en 2010*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá máis de 400.000 euros na humanización e mellora de distintos espazos urbanos dos concellos ourensáns de Monterrei e O Bolo. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde aos dous convenios de colaboración que permitirán executar estes traballos.

En Monterrei, o investimento ascenderá a preto de 200.000 euros e distribuirase en dúas anualidades. O obxectivo principal será mellorar a praza e a rúa Requeixo en Vilaza e adecuallas para o paso de peóns, minimizando o risco que supón o tráfico que soporta.

Entre outros traballos, acometeranse beirarrúas en ambas marxes da rúa Albarellos e executarase unha pequena rotonda para a ordenación do tráfico na intersección. Tamén se instalará novo tubaxe para as rede de saneamento e abastecemento.

No caso do Bolo, o orzamento situarase lixeiramente por riba dos 200.000 euros, unha contía que se investirá entre este ano e o seguinte. Grazas a este convenio, pavimentarase a rúa Centro, do núcleo do Bolo.

Actuarase en toda a rúa, cunha lonxitude de 255 metros. A superficie onde se realizarán os traballos será de aproximadamente 1.410 metros cadrados. As obras consistirán en mellorar a rede de saneamento e auga potable, a execución de soleira de formigón, e a colocación e nivelación de pezas de granito.

Plan Hurbe

O Plan HURBE 2010-2016 nace como resposta á necesidade da humanización das vilas de Galicia. Tendo en conta o modelo social de integración cidadá, busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para as necesidades vixentes.

Segundo o Plan de investimentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o departamento destinará máis de seis millóns de euros, dos cales máis de 3,5 millóns serán para novas actuacións, que permitirán realizar investimentos en arredor de 20 concellos. O orzamento investirase, principalmente, na humanización de rúas e á urbanización e mellora de espazos públicos.

Dende a Xunta de Galicia apóstase por este tipo de programas porque, ademais de contribuír ao reequilibrio territorial de Galicia e á fixación de poboación no rural mediante a mellora da calidade de vida nestas áreas, fomenta a creación e mellora dos espazos de encontro e goce do lecer en condicións óptimas de calidade e seguridade para as persoas de todas as idades.

Tamén se favorece a sustentabilidade futura compatibilizando o desenvolvemento económico e a agrupación en torno aos núcleos de poboación con criterios de ordenación territorial e habitabilidade, recupéranse espazos públicos que foron perdendo o seu carácter de áreas de interacción social por un inadecuado desenvolvemento urbanístico e potenciase a conservación dos equipamentos urbanos patrimonio histórico das nosas vilas.

CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN CON SEIS UNIVERSIDADES PARA DARLLE CONTINUIDADE AO ENSINO DA LINGUA, DA LITERATURA E DA CULTURA GALEGAS NO EXTERIOR

- *O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe á convocatoria de bolsas de formación nos lectorados de universidades do Brasil, Croacia, Italia, Alemaña e Portugal*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración con universidades estranxeiras para darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas no exterior, para o que destinará 283 469,76 euros. Para iso o Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe á convocatoria de seis bolsas de formación nos lectorados das universidades de Berlín (Alemaña), Nova de Lisboa (Portugal), de Roma La Sapienza (Italia), de Zádár (Croacia) e do Estado do Río de Xaneiro e de Sao Paulo (Brasil).

O programa de formación das persoas seleccionadas terá unha duración máxima de tres anos. A data prevista de incorporación será o 1 de outubro de 2016, agás no caso das prazas localizadas nas universidades do Brasil, cuxa data será o 1 de xaneiro de 2017, que é cando rematan as bolsas dos actuais lectores.

As persoas lectoras apoiarán a ensinanzas, difusión e promoción da lingua, literatura e cultura galegas que se desenvolvan nos centros de estudos galegos das súas respectivas institucións académicas. As ditas actividades non se limitarán ao ámbito académico universitario senón que tamén abranguerán a súa área de influencia.

As persoas adxudicatarias desenvolverán estas actividades, no marco do convenio asinado coas universidades de destino, baixo a dirección do responsable do centro de estudos galegos e en permanente coordinación con el.

Centros para a proxección exterior da lingua

A creación dos centros de estudos galegos enmárcase na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. Por outra banda, estes centros responden aos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega fixados no ámbito da proxección exterior, pois, a través deles, a Consellería de Cultura e Educación desenvolve accións para dar a coñecer a lingua propia de Galicia e promove a investigación arredor o galego en 35 universidades europeas e americanas.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura

e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

A maioría destes centros –en concreto, 27 dos 35 existentes- refórzanse coa presenza de profesorado lector que, como complemento á súa actividade formativa, desenvolve labores de docencia, de investigación e de promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas.

CULTURA E EDUCACIÓN E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA COLABORARÁN PARA MELLORAR A FUNCIONALIDADE E ACCESIBILIDADE DOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio entre ambas as entidades para dotar tamén os centros dunha identidade corporativa propia*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), para a realización de diferentes actuacións documentais e a mellora de eficiencia técnica, nos centros educativos das catro provincias galegas, dependentes da Xunta de Galicia. Esta actuación enmárcase no Plan de dotación de infraestruturas educativas, no cal se apunta un calendario de intervencións para a renovación de colexios e institutos no período 2016-2020, e que suporá un investimento de máis de 118 millóns de euros.

A iniciativa forma parte, en concreto, do terceiro eixo deste plan Actuacións en mellora funcional, integración e sinalética, ao cal se destinará un investimento total de 24,7 millóns de euros no período 2016-2020, dos cales as actuacións ao abeiro deste convenio suporán só un investimento por parte da Xunta de 97.600 euros. O grosor corresponderase coas melloras que se realicen sobre funcionalidade e accesibilidade dos centros educativos a partir dos estudos arquitectónicos que os arquitectos do COAG realicen ao abeiro deste convenio.

Imaxe corporativa única para os diferentes centros educativos

No marco deste convenio o COAG desenvolverá un estudo cromático para dotar dunha imaxe corporativa única aos diferentes centros educativos, en función das etapas de desenvolvemento dos nenos e das características das aulas. A proposta abranguerá tanto a sinalética como as cores que se empregarán nas aulas, única para os centros educativos de cada nivel; e será escollida nun concurso público.

O obxectivo é que os centros educativos galegos contén con elementos icónicos identificativos (peche, cartel, marquesiña e taboleiro de anuncios) que os identifiquen como tal, de forma similar ao que se ten producido xa nos centros integrados de FP (CIFP).

Está previsto actuar este mesmo ano en 10 centros educativos, nos mesmos en que, ao abeiro do devandito Plan de dotación de infraestruturas educativas, se realicen melloras de eficiencia enerxética.

Descrición dos centros

Ademais, e ao abeiro do mesmo acordo, o COAG realizará unha análise dos centros educativos que lle solicite a Consellería co fin de determinar as solucións construtivas básicas para o mantemento e mellora das súas instalacións, en función dos seus sistema construtivos, estruturais, instalacións e dotacións, estado de conservación, etc. Unha vez que se obteñan os froitos desta análise, a Consellería desenvolverá as pertinentes intervencións para mellorar a funcionalidade e accesibilidade dos centros de ensino, de acordo coas necesidades de cada un deles.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 2,7 MILLÓNS DE EUROS NO TRATAMENTO DE CASE 36.000 TONELADAS DE PNEUMÁTICOS

- *O Consello da Xunta informou na súa reunión de hoxe do contrato de servizo para a xestións destes residuos*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá máis de 2,7 millóns de euros na xestión e tratamento de case 36.000 toneladas de pneumáticos fóra de uso existentes na Comunidade galega. Disto informou o Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, na cal se acordou a licitación dun contrato para o tratamento de pneumáticos fóra de uso (NFU).

Con esta medida, a Consellería pretenden dar unha solución ás 35.945 toneladas de residuos localizados en varios puntos dos concellos da Laracha, As Somozas e Fene. A previsión é que os NFU históricos sexan tratados ben para transformalos en materias primas para a fabricación de novos produtos (valorización material) ben para transformalos en enerxía (valorización enerxética), para o cal se establece un período de execución contractual de 18 meses.

Cómpre sinalar que con este contrato cúmprese un dos obxectivos establecidos no Plan estatal marco de xestión de residuos (PEMAR) 2016-2020 aprobado polo Consello de Ministros –en novembro de 2015–, que indicaba a necesidade de dar solución á problemática deste tipo de residuos xerados nas comunidades autónomas con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1619/2005, do 30 de decembro.

Así o primeiro que se fixo foi a elaboración dun inventario de acumulacións abandonadas en Galicia, que deu como resultado a existencia das case 36.000 toneladas en tres localizacións diferentes. Unha vez determinadas as localizacións e a dimensión procédese agora á licitación do contrato que prevé rematar con estes residuos históricos.

Hai que lembrar que o tratamento destes seguirá as recomendacións incluídas na Directiva marco de residuos que recolle o tratamento a través da valorización (incluída a enerxética). Neste sentido, hai que destacar que máis do 80% dos pneumáticos tratados os últimos anos en Galicia tiveron como resultado a valorización material.

É de destacar que se trata de residuos cun alto compoñente de material reutilizable, con novos usos como recheos de céspede artificial, solos de parques infantís, preparados para estradas, pantallas acústicas de redución de ruídos ou mesmo redutores de ondas.

Así, o servizo só poderá ser executado por un contratista autorizado como xestor de residuos, que deberá realizar a valorización nunha instalación ou instalacións que, tamén deberá contar con autorización para o tratamento de residuos non perigosos, de conformidade coa Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e estar dotadas das medidas de seguridade e protección contra incendios exixidas pola lexislación vixente.

A XUNTA INCREMENTA ATA 200 EUROS MENSUAIS O IMPORTE DAS AXUDAS DO BONO DE ALUGUEIRO E ATA 600 A AXUDA ÚNICA PARA GASTOS DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

- *Á ampliación do Bono de alugueiro social tamén poderán acollerse as persoas que sexan beneficiarias do programa Aluga e cumpran as condicións establecidas*
- *Tamén se informou o Consello da Xunta da próxima convocatoria de axudas aos concellos situados na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago para actuacións de infravivenda rural*
- *As subvencións de infravivenda terán unha contía de 500.000 euros, que se sumarán aos 2,7 millóns de euros destinados a rehabilitación de vivendas na ARI dos Camiños de Santiago*
- *Trátase dun programa social, destinado a mellorar as condicións de habitabilidade das vivendas de persoas con rendas baixas*

A Xunta de Galicia incrementará ata 200 euros o importe da axuda mensual do Bono de alugueiro social para os contratos formalizados nos concellos das áreas máis urbanas de Galicia, segundo foi informado hoxe o Consello da Xunta. O incremento verase reflectido nunha orde de próxima publicación no *Diario Oficial de Galicia*. A convocatoria de axudas, formalizada pola orde do 23 de decembro de 2015, ten un importe total de 4,025 millóns de euros.

A axuda mensual do Bono de alugueiro social será de 200 euros nos concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense, Pontevedra, Ferrol e Lugo.

Tamén se incrementa o importe mensual da subvención noutro amplo grupo de concellos, nos cales a achega mensual será de 175 euros. Esta contía aplicarase nos contratos asinados nos concellos seguintes: Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo na provincia da Coruña. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro na provincia de Lugo. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia, na provincia de Ourense. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa na provincia de Pontevedra.

No resto dos concellos galegos a axuda continuará a ser de 150 euros mensuais durante un período de doce meses prorrogables por outros doce. A duración de ata dous anos do Bono de alugueiro social diferencia esta liña de axudas das establecidas por algúns concellos que conceden as súas axudas por un número reducido de

mensualidades. Ademais, trátase dunha achega económica compatible con outras axudas públicas, tales como a Risga.

O importe mensual da axuda poderá incrementarse ata un 20 % no caso de que as persoas arrendatarias sexan integrantes dunha familia numerosa ou dunha unidade de convivencia onde necesiten unha vivenda adaptada para algún dos seus membros.

Ademais, o Consello da Xunta deu o visto e praxe ao incremento de 450 a 600 euros do importe da axuda única que se concede para os gastos derivados da formalización de novos contratos de alugamento ou para o pagamento de atrasos no caso de permanecer na vivenda obxecto do procedemento xudicial de desafiuzamento.

Por outra parte, o colectivo de posibles beneficiarios do Bono de Alugueiro Social incrementábase con aquelas persoas as cales, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga, lles rematara o período máximo de disfrute desta axuda (cinco anos) nos nove meses anteriores á data da publicación da correspondente convocatoria.

Este novo colectivo vense sumar ás persoas que xa podían acceder a estas axudas, que eran os seguintes:

- Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda por estaren inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron a interposición pola persoa arrendadora dunha demanda de desafiuzamento por non pagamento das rendas ou que se ditara unha resolución xudicial nun procedemento de similar natureza.
- As vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude estean residindo nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para este colectivo e adscritos a unha Administración pública.
- Aquelas unidades de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que fosen privados da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc

Axudas á infravivenda rural

O Consello da Xunta tamén acordou hoxe a próxima convocatoria de axudas para infravivenda no rural, no marco do programa Vivendas do Camiño (axudas para a recuperación de inmobles na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago), incluído, ao igual que o Bono de alugueiro social, no marco do Plan rehaVIta.

Trátase tamén dun programa de marcado carácter social, xa que as axudas están destinadas a mellorar as condicións de habitabilidade dos fogares de persoas con rendas baixas, concretamente con ingresos que non superen 1 vez o Iprem.

A Xunta destinará este ano 500.000 euros a subvencións dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes, situados no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, para que:

- Poidan axudar con carácter urxente as unidades de convivencia que habiten, en condición de propietarios/as, nunha vivenda que se encontre en mal estado de conservación e non dispoñan de recursos económicos para acometer obras que permitan ter as mínimas condicións de habitabilidade.
- Poidan rehabilitar edificacións ou vivendas do seu patrimonio municipal para destinalos a solucionar os problemas de residencia das unidades de convivencia que cumpran os requisitos fixados na orde.

Consideraranse actuacións subvencionables a execución de obras de rehabilitación en edificacións e vivendas, co obxecto de que estas acaden unhas mínimas condicións de habitabilidade. Estas actuacións poderían afectar elementos exteriores, as condicións estruturais e de seguranza, a habitabilidade e accesibilidade da edificación ou vivenda.

As axudas aos concellos para as actuacións sinaladas poderán acadar ata o 80 por cento do orzamento protexido das obras, cun máximo de 12.000 euros por edificación ou vivenda.

As axudas para infravivenda veñen sumarse aos 2,7 millóns de euros que se dedican este ano a axudas de rehabilitación no marco da Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago.

A XUNTA IMPULSA A CONTRATACIÓN DE PRETO DE 1.300 PERSOAS DE COLECTIVOS VULNERABLES

- *A actuación, á cal se destinan máis de 8 millóns de euros, ten como principais destinatarios ás persoas en situación ou risco de exclusión social que sexan perceptoras da Risga*
- *Permitirá tamén a contratación de desempregados, por parte de entidades locais, en servizos relacionados con protección civil e seguridade das persoas e bens*
- *A Axenda 20 para o emprego, a nova folla de ruta do Goberno galego neste eido, destina 25 millóns de euros este ano para promover a integración e a calidade no traballo das persoas máis vulnerables*

A Xunta impulsa a contratación de preto de 1.300 desempregados por parte dos concellos galegos, poñendo o foco sobre aqueles colectivos que se atopan nunha situación económica máis difícil. Así, o Consello informou hoxe dos apoios que activará nos vindeiros días a Consellería de Economía, Emprego e Industria, que suporán un investimento de máis de 8 millóns de euros con que a Xunta sufragará todos os custos salariais dos beneficiarios, incluíndo as cotizacións á Seguridade Social.

Estas axudas están dirixidas a entidades locais, e teñen como principal obxectivo a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de Integración Social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral. Os apoios tamén permitirán a contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, poñendo o foco nos servizos relacionados con protección civil e seguridade das persoas e bens.

Con independencia da duración do contrato, o período de contratación subvencionable será de sete meses, e terán preferencia as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as persoas maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares.

A distribución provincial dos fondos será proporcional ao número de persoas paradas e á evolución do paro rexistrado no período 2011-2015, e terá en conta o número de persoas perceptoras da RISGA existentes en cada concello en 31 de decembro de 2015.

A Axenda 20 para o emprego, a nova folla de ruta do Goberno galego neste eido, destina 25 millóns de euros este ano para promover a integración e calidade no traballo dos colectivos máis vulnerables. Para iso, ademais de medidas como estas das que foi informado o Consello, inclúe actuacións como o programa Aprot de incentivos á

contratación, as lanzadeiras de emprego para o fomento do emprendemento e autoemprego, así como o reforzo das axudas para a integración das persoas con discapacidade.

A XUNTA ACTIVA UN PROGRAMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL CO FOCO NA INDUSTRIA 4.0 PARA POTENCIAR A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 1.000 PERSOAS DESEMPREGADAS

- *O Consello avaliou hoxe a posta en marcha desta iniciativa, na cal participarán 37 centros da comunidade e que adapta os cursos de formación profesional ás necesidades laborais do tecido empresarial galego*
- *As máis de 70 accións formativas diríxense especialmente a aqueles colectivos de difícil inserción laboral*
- *A Xunta destina máis de 3 millóns de euros a esta medida, que impulsará os certificados de profesionalidade asociados á Industria 4.0*

A Xunta porá en marcha unha nova iniciativa de formación profesional destinada a desempregados, co foco na formación profesional vinculada á Industria 4.0, de forma que os beneficiarios poidan mellorar a súa empregabilidade no eido industrial. En concreto, a medida nace da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través dun convenio que busca coordinar as ofertas de formación profesional durante 2016, adecuándoa á demanda e necesidades do tecido industrial de Galicia.

O Consello avaliou hoxe a iniciativa, que beneficiará a máis de 1.000 alumnos e que se centrará nos colectivos de difícil inserción laboral: menores de 30 anos que teñan superados un ou varios módulos, persoas con itinerario personalizado de inserción, mulleres, persoas con discapacidade, desempregados de longa duración, persoas en risco de exclusión social, e persoas con baixa cualificación.

Neste programa participarán 19 centros integrados de formación profesional e 18 institutos de educación secundaria, que impartirán 71 accións formativas. Delas, máis do 40% estarán dedicadas de forma específica a eidos relacionados coa industria, co obxectivo de contribuír á adaptación do tecido laboral galego á revolución tecnolóxica que supón a Industria 4.0.

Así, o acordo de colaboración entre ambas as consellerías recolle accións formativas sobre 17 certificados de profesionalidade vinculados coa Industria 4.0, como a montaxe e posta en marcha de bens de equipamento e maquinaria industrial, o mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles, o mantemento e montaxe mecánica de equipamento industrial, ou a montaxe e mantemento de instalacións eléctrica de baixa tensión.

No deseño do programa, ao cal se destinan 3 millóns de euros, atendéronse as necesidades laborais específicas de cada comarca, con obxecto de potenciar a inserción laboral dos participantes.

A iniciativa alíñase coa Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, que ten na formación das persoas un dos seus eixos fundamentais, así como coa Axenda 20 para o emprego, a nova planificación que o Goberno galego vén de activar en materia laboral e coa que se pretende ata 2020 a creación de 100.000 novos empregos e reducir a taxa de paro ata o 10 por cento.

O obxectivo principal desta folla de ruta é garantir a calidade e estabilidade laboral. Para iso inclúe tres retos: fomentar o emprego de calidade, estimulando o emprego indefinido a tempo completo para crear ou converter en indefinidos 50.000 contratos; reforzar a formación e especialización ao longo da vida laboral; e mellorar e orientar os servizos públicos na atención ás persoas demandantes e empresas.

O CALENDARIO LABORAL DE GALICIA PARA 2017 INCLÚE COMO FESTIVOS PROPIOS O 17 DE MAIO E O 25 DE XULLO

- *A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos*
- *Cando os festivos nacionais obrigatorios coinciden en domingo cada comunidade autónoma pode substituílo por outro día de interese*
- *Neste caso elíxese o Día das Letras Galegas en lugar do 1 de xaneiro, que cae en domingo*
- *O 25 de xullo sempre é escollido entre os festivos estatais que teñen carácter opcional, por ser o Día Nacional de Galicia*

A proposta de calendario laboral galego para 2017 incluírá como festivos propios os días 17 de maio, Día das Letras Galegas, mércores; e o 25 de xullo, Día Nacional de Galicia, martes, segundo o informe que coñeceu hoxe o Consello da Xunta e que posteriormente, terá que ser aprobado por decreto.

A normativa estatal, a través do Real decreto 2001/1983, establece o calendario laboral, que fixa as festas de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Esta normativa establece un máximo de 14 festivos anuais.

Destes 14 festivos, 2 son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, 9 son de carácter obrigatorio e non substituíbles (1 de xaneiro, Venres Santo, 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro).

Ademais, outros dous festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro e o Xoves Santo, que Galicia non cambia tradicionalmente, e dásele a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo, que na nosa comunidade sempre se fixa o 25 xa que é o Día Nacional de Galicia.

Se algún dos 9 festivos nacionais de carácter obrigatorio cae en domingo, a Comunidade pode substituílo por outro día que fixe a propia Comunidade Autónoma. Este é o caso en 2017 do 1 de xaneiro, que se substitúe polo 17 de maio.

Calendario laboral de Galicia para 2017

FESTIVIDADE	DATA	DÍA DA SEMANA
Aninovo	1 de xaneiro	Domingo
Día de Reis	6 de xaneiro	Venres
Xoves Santo	13 de abril	Xoves
Venres Santo	14 de abril	Venres
Festa do Traballo	1 de maio	Luns
Día das Letras Galegas	17 de maio	Mércores
Día Nacional de Galicia	25 de xullo	Martes
A Asunción	15 de agosto	Martes
Día da Hispanidade	12 de outubro	Xoves
Todos os Santos	1 de novembro	Mércores
Día da Constitución	6 de decembro	Mércores
A Inmaculada	8 de decembro	Venres
Nadal	25 de decembro	Luns

Festa de carácter nacional non substituíble

Festivos obrigatorios que caen en domingo

Festa de carácter nacional sobre a cal a Comunidade Autónoma non exerceu a facultade de substitución

Festa propia da Comunidade Autónoma

A XUNTA PON EN MARCHA CINCO LANZADEIRAS DE EMPREGO PARA FACILITAR A BUSCA DE TRABALLO E AMPLIAR AS OPORTUNIDADES LABORAIS DE 125 MOZOS

- *A iniciativa levarase a cabo en coordinación coa Fundación Santa María La Real e co apoio da Fundación Telefónica*
- *O Programa de fomento de emprendemento e autoemprego desenvolverase nas localidades de Arteixo, Redondela, Marín, Santiago de Compostela e Lugo*
- *A actuación enmárcase nas iniciativas destinadas á formación e emprendemento dentro da Axenda 20 para o emprego que ten en marcha a Xunta e complétase cos plans integrais de emprego*

A Xunta porá en marcha nas próximas semanas cinco lanzadeiras de emprego en distintos municipios galegos para facilitar a busca de traballo e ampliar as oportunidades laborais de 125 mozos e mozas. Trátase dun programa de emprendemento e autoemprego que o Goberno galego levará a cabo coa Fundación Santa María La Real e co apoio da Fundación Telefónica a través dun convenio de colaboración.

A iniciativa, que conta co cofinanciamento do Fondo Social Europeo, iníciase nas localidades de Arteixo, na Coruña; Redondela e Marín, en Pontevedra; e nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo e está dirixida a mozos desempregados que terán a oportunidade de reforzar as súas competencias e descubrir novas habilidades para obter un traballo ou desenvolver o seu propio proxecto empresarial. O obxectivo último é seguir a reducir as cifras do desemprego xuvenil en Galicia e mellorar a calidade no emprego.

As lanzadeiras de emprego son un complemento ás ferramentas de que dispón a Administración autonómica para axudar os cidadáns a atopar un traballo como son os programas integrados que teñen por obxecto a realización de itinerarios personalizados de inserción laboral que combinen accións de diversa natureza como son información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

Axenda 20

O desenvolvemento das lanzadeiras é unha das medidas da Axenda 20 para o emprego, a nova planificación que o Goberno galego vén de activar en materia laboral e coa que se pretende ata 2020 a creación de 100.000 novos empregos e reducir a taxa de paro ata o 10 por cento. O obxectivo principal desta folla de ruta é garantir a calidade e estabilidade laboral. Para iso inclúe tres retos: fomentar o emprego de calidade, estimulando o emprego indefinido a tempo completo para crear ou converter en indefinidos 50.000 contratos; reforzar a formación e especialización ao longo da

vida laboral; e mellorar e orientar os servizos públicos na atención ás persoas demandantes e empresas.

MÁIS DE 2.700 MOZOS E MOZAS GALEGOS PARTICIPARON DESDE 2014 NO PROGRAMA DE MOBILIDADE EUROPEO ERASMUS+: XUVENTUDE EN ACCIÓN

- *En total, foron aprobados 96 proxectos cun orzamento total de 2.037.158 euros*
- *As iniciativas de mobilidade teñen como finalidade mellorar a formación da mocidade galega, ampliando o currículo laboral a través dunha experiencia internacional, e son un dos eixes preferentes para a Administración autonómica, o que se reflicte no Plan estratéxico de xuventude 2014-2016*
- *A Comisión Europea recoñece a experiencia e coñecementos adquiridos durante o desenvolvemento dos proxectos mediante o certificado Youthpass. Así mesmo, a Xunta de Galicia expide o certificado de educación non formal en materia de xuventude*

A Consellería de Política Social presentou hoxe no Consello da Xunta o informe sobre os resultados do programa Erasmus + : Xuventude en acción no período 2014-2015 e a primeira quenda do 2016. Así as cousas, e segundo os datos de participación no dito programa, a Comunidade Autónoma de Galicia é unha das máis activas tanto en virtude do número de proxectos presentados e aprobados como nos fondos recibidos da Unión Europea. En total, nos anos 2014-2015 e na primeira quenda do 2016, foron aprobados en Galicia 96 proxectos cun orzamento total de 2.037.158 euros, e nos que participaron preto de 3.000 mozos e mozas.

Máis polo miúdo e no que respecta á desagregación do total, no 2014 aprobáronse e executáronse 42 proxectos cun orzamento de 884.915 euros e nos que participaron 1.506 mozos e mozas. No ano 2015 o orzamento destinado a 38 proxectos foi de 923.352 euros, dos cales se beneficiaron 1.263 participantes. Por último, na primeira quenda do 2016, aprobáronse 16 proxectos cun orzamento que ascende aos 228.891 euros. Estes proxectos están pendentes de execución na actualidade. Cómpre destacar que Galicia xestiona preto do 9% do orzamento do programa Erasmus+ a nivel estatal, malia que a poboación xuvenil representa só un 5,3% do total español.

O programa europeo Erasmus+ é o programa de mobilidade da Unión Europea para a educación, a formación, a xuventude e o deporte que está en vigor dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2020. Ten entre os seus obxectivos específicos mellorar o nivel de aptitudes e competencias dos mozos e mozas; promover a participación na vida democrática en Europa e no mercado de traballo; a cidadanía activa; o diálogo intercultural; a inclusión social e a solidariedade; posibilitar ás persoas que traballan no ámbito da xuventude e aos mozos e mozas maiores oportunidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe; potenciar a dimensión internacional das actividades xuvenís e o papel dos traballadores e organizacións no eido da xuventude como estruturas de apoio aos mozos e mozas.

O fomento da mobilidade xuvenil é tamén un dos eixes preferentes para a Administración autonómica, o que se reflicte no Plan estratéxico de xuventude 2014-2016. Nos tres anos de vixencia do dito plan, a Xunta de Galicia comprometeuse cos mozos e mozas galegos a ofertar 7.850 prazas nos programas de mobilidade Erasmus+, campos de traballo e Galeuropa. Deste xeito, para a Administración autonómica a mobilidade non é un fin en si mesmo, senón que debe ser entendida como a adquisición de novas capacidades nun contorno cultural e social novo, tanto a través da formación académica, como das prácticas profesionais, os intercambios e mesmo dos propios procesos de educación non formal que comporta a participación nestes programas.

Así, as iniciativas de mobilidade que leva a cabo a Xunta de Galicia teñen como finalidade mellorar a formación da mocidade galega, ampliando o currículo laboral a través dunha experiencia internacional e complementando ensinanzas académicas. Así mesmo, os programas de mobilidade tamén implican un incremento da responsabilidade e da autonomía. Lonxe do contorno habitual, non hai acceso inmediato a todos os recursos que se manexan no ámbito social ou familiar de procedencia, polo que os e as participantes deben esforzarse para buscar novas solucións.

A Comisión Europea recoñece a experiencia e coñecementos adquiridos a través da educación non formal durante o desenvolvemento dos proxectos financiados por Erasmus+: Xuventude en acción, mediante o certificado Youthpass. Así mesmo, ao abeiro da Orde do 26 de febreiro de 2015, deriva o dereito á expedición do certificado de educación non formal en materia de xuventude, certificado a través do cal se lle dá visibilidade á aprendizaxe non formal adquirida e se validan as competencias asumidas, contribuíndo así á mellora das posibilidades de emprego da mocidade galega.

O pasado 26 de abril finalizou o prazo de presentación de proxectos para a segunda quenda deste 2016. Ao longo do mes de maio a Consellería de Política Social avaliará os ditos proxectos e remitirá os informes de avaliación á Axencia Nacional do Programa Erasmus+: Xuventude en Acción.

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTARÁ NUN MILLÓN DE HORAS O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA ATA ACADAR O 100% DA ATENCIÓN DOS SOLICITANTES ACTUAIS

- ***En total, a Consellería de Política Social ofrecerá 530.000 horas ao mes de atención a través deste servizo ao cal destinará un orzamento de 54 millóns de euros***
- ***Este aumento de horas posibilitará a atención de preto de 5.925 persoas beneficiarias en 220 concellos e en sete mancomunidades ou agrupacións de concellos***

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe incrementar o servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia ata acadar o 100% da atención das actuais persoas solicitantes deste servizo. Así, a Consellería de Política Social incrementará en 103.267 horas ao mes o servizo de atención asignado aos concellos, incrementando as horas deste servizo (actualmente 427.888 horas ao mes) nun 24,13%, ata acadar as 530.000 horas de servizo ao mes. Isto suporá un aumento de máis dun millón de horas de atención ao ano.

Na actualidade, o número de persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar é de 12.886, situándose a ratio de atención deste servizo en Galicia en torno ao 80,47%. Grazas a este aumento, serán un total de 18.811 as persoas que poderán beneficiarse do servizo de axuda no fogar, o que permitirá alcanzar o 99,91% da ratio de atención. O orzamento inicial en 2016 é de 49,3 millóns de euros, o que supón un incremento do 6,48% con respecto ao ano 2015. Un orzamento que se incrementará en 6 millóns de euros para acadar o obxectivo da ratio 99,91%.

A través desta medida, a Xunta de Galicia, dará resposta a 5.925 novos usuarios de 220 concellos e sete mancomunidades ou agrupacións de concellos, que ata o de agora estaban pendentes de atención a través do sistema para a autonomía e atención á dependencia, posibilitando a atención adecuada ás persoas solicitantes de acordo coas súas necesidades actuais, así como da súa situación socioeconómica. Estes novos usuarios sumaranse ás preto de 42.500 persoas que na data actual están sendo atendidas a través do sistema.

Envellecer e vivir na casa, aínda que se teñan problemas de dependencia, é a fórmula preferida polas persoas maiores, pola poboación en xeral e polos/as coidadores/as familiares. As recomendacións dos expertos e dos organismos internacionais defenden tamén a priorización nos sistemas de atención daqueles recursos que permiten facer efectiva esta opción. En consonancia co anterior, todos os países avanzados que teñen en marcha sistemas de protección da dependencia priman nas súas políticas o

desenvolvemento dun conxunto de prestacións e servizos de proximidades, nos que a atención no fogar é o eixo.

O servizo público de axuda no fogar é o recurso máis demandado pola poboación maior que necesita algún tipo de axuda, así como polas súas familias cuidadoras. Nos estudos realizados, o SAF valórase moi positivamente como a solución máis axeitada para poder seguir vivindo na súa casa.

Deste xeito, a Xunta de Galicia, entre as súas políticas sociais de atención á dependencia, continúa a facer unha aposta clara e decidida polos servizos profesionais de proximidade no domicilio que posibiliten ás persoas en situación de dependencia manterse nas súas contornas habituais. O importe que a Xunta de Galicia ten destinado a esta finalidade no período 2009-2016 acadará os 285,74 millóns de euros.

A XUNTA DESTINARÁ 3,2 MILLÓNS DE EUROS EN 2016 E 2017 PARA APOIAR INICIATIVAS RELACIONADAS COA INNOVACIÓN NO MEDIO RURAL GALEGO

- *O Consello do goberno galego aprobou unha orde de axudas para financiar proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI) e tamén apoiar iniciativas piloto e o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal*

A Xunta destinará un total de 3,2 millóns de euros nos anos 2016 e 2017 a apoiar iniciativas relacionadas coa innovación no medio rural. O Consello do goberno galego aprobou hoxe unha orde de axudas que ten por obxecto financiar proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI) e tamén apoiar iniciativas piloto e o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal.

Todo isto vai enfocado ao fomento da innovación no agro galego, en áreas prioritarias de actuación tales como a xestión sustentable dos recursos naturais, sistemas agrarios de produción, cadea agroalimentaria, bioeconomía ou aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) ao sector.

A Asociación Europea da Innovación é un instrumento administrado directamente pola Comisión Europea posto en marcha para contribuír á estratexia Europa 2020 da UE. Persegue un crecemento intelixente, sustentable e integrador a través dunha rede que xunte a produtores, axentes de innovación e axentes de dinamización do medio rural. Estes son os denominados grupos operativos, destinatarios destas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Ademais dos grupos operativos, que recibirán axudas por proxectos innovadores destinados a resolver un determinado problema no sector agrogandeiro e forestal, tamén poderán ser beneficiarias as organizacións ou entidades relacionadas coa produción primaria en agricultura e silvicultura, así como as empresas ou industrias transformadoras do sector agrario, alimentario e forestal ou da área de enerxías renovables de orixe agrícola e forestal. Estas recibirán as achegas para a implantación de proxectos piloto ou o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías nestes eidos.

Mellora da competitividade

Con estas axudas preténdese impulsar proxectos innovadores que teñan un efecto directo sobre a mellora da competitividade dos produtores primarios integrándoos mellor na cadea agroalimentaria. Isto farase a través de réximes de calidade, de engadir

valor aos produtos agrarios e da promoción en mercados locais e en circuítos de distribución curtos, agrupacións e organizacións de produtores e organizacións interprofesionais.

Estas axudas contribuirán, ademais, a impulsar a cooperación para o uso máis eficiente da enerxía na agricultura e na transformación de produtos agrarios, a subministración e o uso de fontes renovables de enerxía e de subprodutos e residuos non alimentarios, para impulsar o desenvolvemento da bioeconomía.

Entre as iniciativas que recibiron apoio o pasado ano nesta liña de axudas atópanse as relacionadas co aproveitamento e xestión integral de biomasa con fins enerxéticos, o tratamento de efluentes e escorregamentos producidos nas explotacións gandeiras ou o cálculo do estado de maduración óptimo de variedades da D.O. Ribeiro para a elaboración de viños base, entre outras.